



A DOUTORA ANA CONCEIRO OBTÉN UNHA PRAZA DE PROFESORA VINCULADA DO CHUVI NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- *Esta é a primeira vez que un médico asistencial dun hospital diferente ao Complexo de Santiago acada unha praza de profesor vinculado na Facultade de Medicina da USC*
- *Este nomeamento habilita á especialista para impartir clases teóricas de pediatría na Facultade de Medicina*
- *No seu proxecto docente presentou as súas achegas innovadoras na ensinanza das materias de pediatría, no contexto dunha universidade europea máis moderna, tecnolóxica e participativa*

Vigo, 3 de setembro de 2023. A xefa do servizo de Pediatría e coordinadora de Docencia de Grao da Área Sanitaria de Vigo, Ana Concheiro, acaba de obter unha praza de profesora vinculada na nova categoría de PPL (Profesor Permanente Laboral).



Trátase da primeira profesional que obtén unha praza nesta categoría, de recente creación; ademais, tamén é a primeira vez que un médico asistencial doutro hospital diferente ao Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS) acada esta praza, que a habilita para impartir clases teóricas de pediatría aos alumnos da Facultade de Medicina da USC.

Isto é, a Dra. Concheiro, que xa era profesora asociada (impartía práctica clínica aos estudantes de 6º no hospital Álvaro Cunqueiro), poderá agora compaxinar o seu labor asistencial coa docencia na mesma Facultade de Medicina.



“Estou moi satisfeita xa que ata agora as prazas estaban vinculadas exclusivamente ao hospital de Santiago; isto é, para ser profesor da Facultade de Medicina había que traballar no CHUS. A eliminación desta esixencia na configuración das novas prazas supón un gran avance e a posibilidade de estender a docencia aos profesionais que traballen noutros centros sanitarios galegos”.

Achegas innovadoras ás materias

Ana Concheiro defendeu un proxecto docente e outro investigador ante un tribunal, reunido no hospital Álvaro Cunqueiro.

No proxecto docente, a candidata presentou as súas achegas innovadoras das materias de pediatría que vai impartir, no contexto da Universidade europea de hoxe en día, “máis moderna, tecnolóxica e participativa”.

No referido ao seu proxecto de investigación, defendeu un estudo sobre o “Control automatizado da Fracción Inspiratoria de Osíxeno (A-FiO₂) mediante algoritmo PRICO en recém nacidos pretérmino”.

“Sen dúbida, isto é un primeiro paso para descentralizar a docencia da Facultade de Medicina de Santiago, e que os alumnos de 4º e 5ª tamén poidan formarse noutros hospitais doutras áreas sanitarias, ao igual que xa o fan os de 6º. Ademais, espero que o meu nomeamento anime a máis compañeiros a acreditarse como docentes nas axencias avaliadoras ANECA e ACSUG, requisito obrigado para poder presentarse á convocatoria destas prazas, e seguir consolidando a Docencia de Grao en Vigo.”